

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 5/08/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 21:00 horas, do día 5/08/2016, reúnen-se no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, **coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación**, coa seguinte:

Orde do día

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.
- 2º.- Aprobación Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.-
- 3º.- Mocións de grupos políticos.-
- 4º.- Proposta de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable á Xunta de Galicia ano 2017.-
- 5º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 6º.- Rogos e Preguntas.-

1º Aprobar os borradores das actas das sesións anteriores, se procede.

Deixanse sobre a mesa as sesións dos días 30 de Xuño e 1 de Xullo de 2016 para a próxima tendo en conta que foron entregadas no día de hoxe e non poideron ser revisadas polos concelleiros.-

2º.- Aprobación Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.-

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda:

- 1) Aprobar provisionalmente a Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos co seguinte contido :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso as actividades de servizos o seu exercicio,

que incorpora ao Dereito español aquela, pretenden facilitar a liberdade de establecementos dos prestadores e a libre prestación de servizos simplificando os procedementos.

Así mesmo, a Ley 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio modifica o artigo 84 de la Ley 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, engadindo aos sistemas clásicos de intervención na actividade dos cidadáns por parte das entidades locais o da comunicación previa ou declaración responsable e o sometemento ao control posterior ao inicio da actividade.

Por iso o Real Decreto 2009/2009, de 23 de decembro, modifica o Regulamento de Servzos das Corporacións Locais de 1955 de forma que o seu artigo 22.1 que suxeitaba a licenza a apertura de establecementos industriais e mercantís queda redactado da seguinte forma: “A apertura de establecementos industriais e mercantís poderá suxeitarse aos medios de intervención municipal, nos termos previstos na lexislación básica en materia de réxime local e na Lei 17/2009, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio”. Elo obedece a necesidade de adecuar o contido deste Regulamento ao novo réxime que introduce a comunicación previa ou a declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto ás licenzas.

Posteriormente, a Ley 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, volve modificar a Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, engadíndolle un novo artigo 84.bis que establece que “con carácter xeral, o exercicio das actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo”, se ben mantén este mesmo control previo para aquelas actividades que afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico artístico, á seguridade ou á saúde pública ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público.

Así pois, éi preciso establecer e regular os procedementos para estes novos medios de intervención administrativa cunha ordenanza municipal e determinar as actividades que quedarían excluídas destes mecanismos de control que con carácter xeral se establecen no artigo 84.bis da Lei de Bases do Réxime Local para as actividades.

Así, a Lei estatal 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos elimina, por un lado, todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde públicas ligados a establecementos comerciais e outros que se detallan no seu anexo de menos de 300 m² de superficie, e, por outro lado, estende esta “flexibilización” tamén ás obras ligadas ao acondicionamento destes locais que non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Ley 38/1999, de Ordenación da edificación, como así sinala o artigo 3 da mesma.

Posteriormente, e en esta mesma liña de control administrativo a posteriori, é determinante a Lei autonómica 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia que vén establecer un marco moito máis amplo para o exercicio de actividades sen licenza previa e para a execución de actos de uso do solo e do subsolo sin control a priori.

A Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia vén establecer un novo réxime xurídico para Galicia no que ao exercicio de actividades e realización de obras se refire, de tal maneira que para unhas e para outras establece como réxime xeral de control o da comunicación previa, deixando para supostos excepcionais de espectáculos públicos e actividades recreativas o outorgamento de licenzas de actividade e reducindo o actos de uso del solo e subsolo que requieren de previa licenza municipal.

Neste contexto faise necesario crear un novo marco xurídico municipal que dea resposta e desenvolvemento ao novo réxime das comunicacións previas tanto en obras como en actividades. Este é un dos obxectivos da presente Ordenanza municipal, dando así resposta ao artigo 25 de la Lei 9/2013, á Lei 2/2016 do Solo de Galicia, ao artigo 5 de la Lei 12/2012 e ao artigo 28-2 de Lei 13/2010, do Comercio interior de Galicia, na redacción dada pola citada Lei 9/2013, que veñen requirir aos Concellos o establecemento e a planificación dos procedementos de comunicación

necesarios, así como os de verificación posterior dos requisitos precisos e dos elementos e circunstancias postas de manifesto polo interesado a través da comunicación previa.

Esta Ordenanza tamén pretende regular os procedementos de intervención a priori, é dicir os supostos nos que se requira licenza municipal tanto para os actos do uso do solo e do subsolo como para o exercicio das actividades, que aínda que menores en número non por elo son menos importantes. Deste xeito o que se pretende é que dunha maneira integral, nun mesmo texto normativo municipal, se teñan regulados dentro das competencias dun Concello todos os procedementos de intervención administrativa, tanto para os actos de uso do solo y subsolo, as chamadas "obras", como para o exercicio de actividades e apertura de establecementos. Isto redundará no beneficio dunha maior claridade e seguridade xurídica, tendo en conta a interrelación que en numerosas ocasións se dá entre as obras e as actividades que se refiren a unha mesma actuación cando ademais poden estar sometidas as primeiras á licenza e as segundas á comunicación previa ou viceversa.

A Ordenanza estrutúrase en cinco Títulos divididos a súa vez en Capítulos e estes, no seu caso, en Seccións.

O Título I leva como epígrafe Disposicións Xerais e o seu contido é determinar o obxecto, os distintos réximes existentes e as normas comúns aos mesmos.

O Título II refírese aos distintos actos do uso do solo e do subsolo ou obras, xa sometidos a licenza (Capítulo I) xa sometidos ao réxime de comunicación previa (Capítulo II).

O Título III regula os procedementos para as actividades e apertura de establecementos, xa sometidas ao réxime de comunicación previa (Capítulo I) xa sometidas ao réxime de licenza (Capítulo II).

O Título IV regula O procedemento de control posterior tanto sobre obras como sobre actividades.

E o Título V refírese á reposición da legalidade e ao réxime sancionador.

Completa a sá regulación con dous Disposicións Adicionais, unha Transitoria, unha Derogatoria e outra Final.

TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 1º.- OBXECTO.

1º.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación dos procedementos de intervención, control da legalidade e inspección municipais dos actos de uso do solo e subsolo de natureza urbanística e das actividades que se implanten e desenvolvan no termo municipal de Fisterra.

2º.- Exclúense do ámbito de aplicación desta ordenanza as actividades de venda ambulante que se rexirán pola súa respectiva ordenanza municipal.

ARTIGO 2º.- RÉXIME.

1º.- Os actos do uso do solo e do subsolo quedan sometidos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, excepto en aqueles casos no que esta ordenanza ou a lexislación en vigor requiran que se solicite e obteña unha licenza municipal previa.

2º.- A implantación e desenvolvemento de calquera actividade comercial, industrial, profesional, económica ou de servizos estarán suxeitos á presentación dunha comunicación previa no Concello de Fisterra, excepto en aqueles casos na que esta ordenanza ou a lexislación en vigor requiran que se solicite ou obteña unha licenza de apertura ou de actividade municipal previa.

3º.- En aqueles casos na que a actuación pretendida requira dalguna autorización, calificación ou informe favorable de outra Administración Pública distinta da municipal, esixible pola lexislación sectorial de aplicación, a comunicación

previa ou o outorgamento da licenza municipal requirirá a previa emisión e incorporación ao expediente de dita autorización, calificación ou informe.

ARTIGO 3º.- DEFINICIÓNS

1º.- Nos termos da lexislación vixente e para os efectos desta ordenanza enténdese por:

1) **Licenza:** acto administrativo regulado polo que o órgano municipal competente, tras a comprobación do cumprimento das condicións establecidas pola normativa de aplicación, autoriza actos de uso do solo e/ou do subsolo ou o exercicio de actividades e/ou apertura de establecementos.

2) **Comunicación previa:** documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento do Concello de Fisterra os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, dacordo co establecido nos artigos 70.1 y 71 bis-2 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ao que acompañarán a documentación acreditativa do cumprimento da normativa que resulte de aplicación.

2º.- As licenzas ou comunicacións previas recibirán o nome de “urbanísticas” cando teñan por obxecto actos de ocupación, edificación e uso do solo e do subsolo e de “actividade” cando teñan por obxecto a instalación e o exercicio de calquera actividade comercial, industrial, profesional, económica ou de servizos.

ARTIGO 4º.- OBRAS E ACTIVIDADES DE PARTICULARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO.

1º.- Cando se pretendan realizar por particulares actos do uso do solo e do subolo ou actividades en terreos de dominio público que non sexa municipal, esixirase igualmente licenza ou comunicación previa independentemente das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte da Administración titular do dominio público.

Estas autorizacións ou concesións deberán de acompañar á solicitude de licenza municipal ou á comunicación previa que, no seu caso, se presente e serán necesarias para que estas se poidan tramitar ou producir efectos.

2º.- Cando se pretendan realizar actos do uso do solo e do subsolo ou actividades en terreos de dominio público municipal e estiveran suxeitos a concesión administrativa, se no procedemento de outorgamento desta concesión se constata a adecuación do proxecto á normativa urbanística e sectorial de aplicación, as licenzas urbanísticas e de actividade e os efectos das comunicacións previas entenderanse concedidas e producidas, respectivamente, coa propia resolución que outorgue a concesión administrativa.

3º.- Cando os actos do uso do solo e do subsolo e as actividades pretendidas en dominio público municipal impliquen un uso común especial sometido á licenza ou autorización municipal según o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o outorgamento da licenza urbanística ou de actividade implicará a concesión da licenza ou autorización para a ocupación do dominio público.

Se os actos do uso do solo e do subsolo ou actividades a realizar en dominio público municipal están sometidas ao réxime de comunicación previa, se terá que solicitar previamente a licenza para usar dito dominio público e unha vez obtida se terá que adxuntar á documentación que acompañe á comunicación previa.

ARTIGO 5º.- ERRO NA CALIFICACIÓN DO ESCRITO PRESENTADO.

1º.- O erro na calificación do escrito presentado pola persoa interesada sobre a elección do procedemento de sometemento á licenza ou de comunicación previa non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do seu contido se deduza o seu verdadeiro carácter. O Concello notificará ao interesado sobre tal circunstancia e, no seu caso, requirirá a documentación que sexa precisa para a continuación do procedemento que corresponda.

2º.- Cando a persoa interesada presentara no Concello unha comunicación previa, sendo o réxime aplicable o da licenza, advertiráselle que non poderá efectuar a obra ou iniciar a actividade hasta que obteña a preceptiva licenza. Se

iniciara a obra ou a actividade requiriráselle para que proceda de inmediato a súa paralización coas advertencias propias dos procedementos de reposición de la legalidade urbanística.

3º.- Cando a persoa interesada solicitase ante o Concello unha licenza mentras o réxime aplicable é o da comunicación previa, notificaráselle para sinalarle tal feito e para que presente, no seu caso, a documentación correspondente, non podendo iniciar a obra ou desenvolver a actividade en tanto non presente a mencionada documentación.

ARTIGO 6º.- CONSULTA PREVIA.

1º.- Os particulares poderán presentar solicitudes de consulta previa do réxime e das condicións urbanísticas aplicables a unha finca determinada, edificación ou local, así como dos actos de uso do solo y subsolo, actividades permitidas e do procedemento de tramitación aplicable para a actuación de que se trate.

Igualmente se poderá formular consulta por escrito sobre unha iniciativa de actividade ou obra concreta, que se acompañará dunha memoria descriptiva ou dos datos suficientes que definan as características xerais da actividade proxectada e do inmovible no que se pretenda levar a cabo o da obra que se pretenda executar.

2º.- Nos casos de consultas relativas a unha parcela ou edificación, a solicitude deberá de vir acompañada da referencia catastral da mesma para a súa correcta identificación.

3º.- Sobre a consulta plantexada emitirase informe pola **Área de Urbanismo** que sinalará a clase e calificación do solo que corresponda á finca, polígono ou sector do que se trate, os usos e intensidades que teñan atribuídos polo planeamento, os parámetros urbanísticos que sexan de aplicación e, no seu caso, os requisitos esixidos e a documentación a aportar para a execución de unha obra, apertura dun establecemento ou inicio dunha actividade.

4º.- A consulta será contestada nun prazo máximo dun mes, unha vez presentada no rexistro municipal a solicitude.

5º.- O sentido da resposta ás consultas formuladas non terá carácter vinculante para a Administración.

ARTIGO 7º.- ACTOS NON SUXEITOS Á LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA.

Non será esixible licenza ou comunicación previa nos seguintes supostos:

- Las parcelacións urbanísticas e calquera acto de división de parcelas efectuadas a través de proxectos de compensación, reparcelación, equidistribución ou normalización de predios.
- A demolición de construcións declaradas en ruína a través do pertinente expediente contradictorio, sen perxuízo da redacción dun proxecto técnico para a súa execución se a entidade das obras de demolición o require.
- As obras de apuntalamiento e outras medidas de seguridade urxentes, cando sexan precisas.
- As obras derivadas dunha orde de execución, salvo que pola entidade das obras se esixa solicitude de licenza ou presentación de comunicación previa acompañadas do correspondente proxecto técnico.
- As obras derivadas de resolucións recaídas en expedientes de reposición da legalidade urbanística que non impliquen demolición total ou parcial.
- As obras de urbanización previstas nos proxectos de urbanización.
- As actuacións urbanísticas promovidas polo Concello de Fisterra no seu propio termo municipal que se entenderán autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da normativa de aplicación.
- As obras públicas eximidas expresamente pola lexislación sectorial ou de ordenación do territorio.

ARTIGO 8º.- SITUACIÓN S XURÍDICAS PRIVADAS.

As licenzas e as comunicacións previas producirán efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero no alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

O título habilitante que supón a concesión dunha licenza ou unha comunicación previa para a realización dunha obra ou o exercicio dunha actividade entenderase outorgado deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo dos terceiros.

TÍTULO II.- LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS.

CAPÍTULO I.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

SECCIÓN 1ª: ACTOS SUXEITOS E RÉXIME XURÍDICO DAS LICENZAS.

ARTIGO 9º.- ACTOS SUXEITOS Á LICENZA.

Estarán suxeitos a licenza municipal previa os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo seguintes:

- a) As obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teña, de forma eventual o permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan en nunha soa planta.
- b) As intervencións de carácter total sobre os edificios existentes ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.
- c) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- d) As demolicións
- e) Os muros de contención de terras.
- f) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- g) As parcelacións, segregacións e outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de compensación ou reparcelación.
- h) A primelra ocupación dos edificios.
- i) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.
- k) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística entendendo por estes aqueles terreos incluídos nos ámbitos do Solo Urbanizable ou Apto para Urbanizar, de Solo Urbano Non Consolidado ou de Solo de Núcleo Rural sometido a actuación de carácter integral.
- l) Calquera outro acto que se sinale a través dunha disposición legal

ARTIGO 10º.- FINALIDADE DAS LICENZAS URBANÍSTICAS.

1º.- A licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos relacionados no artigo anterior se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, se o aproveitamento proxectado se axusta ao susceptible de apropiación e se as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade.

2º.- Non se poderá iniciar a execución das obras ou dos actos pretendidos en tanto non se obteña a preceptiva licenza.

ARTIGO 11º.- ALCANCE DO CONTROL MUNICIPAL.

A intervención municipal a través da licenza urbanística non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa construtora ou instaladora.

SECCIÓN 2ª: PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS.

ARTIGO 12º.- SOLICITUDE DE LICENZA.

1º.- Os procedementos de tramitación das distintas licenzas urbanísticas se iniciarán mediante solicitudes cuxos modelos oficiais se publican en la sede electrónica municipal.

A estas solicitudes acompañarase a documentación que corresponda en cada caso e que se relaciona igualmente na sede electrónica municipal.

2º.-A presentación das solicitudes e documentación requirida deberá efectuarse a través de cualquiera dos rexistros sinalados no artigo 38-4 de la Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou telemáticamente a través da sede electrónica municipal.

Se a presentación da solicitude e o resto da documentación se efectúa en soporte papel o proxecto técnico que se aporte, se é que fose necesario, terase que presentar tamén e en todo caso nun soporte dixital formato PDF. Se o proxecto foi visado electrónicamente por un colexio profesional que permita o acceso a súa plataforma, será suficiente coa presentación do código do proxecto e a autorización do cidadán para o acceso dende o Concello.

3º.- Cando se precise para a solicitude de licenza proxecto técnico este será completo entendendo por tal o que conteña o contido tanto do chamado proxecto básico como o de execución.

ARTIGO 13º.- TRAMITACIÓN.

1º.- As solicitudes de licenzas urbanísticas tramitaranse dacordo coa lexislación reguladora do procedemento administrativo común coas especialidades contidas na lexislación local, na urbanística e na sectorial e coas contidas na presente Ordenanza Municipal.

2º.- A solicitude de licenza so comenará a producir efectos dende o momento no que o correspondente escrito coa documentación completa esixida en cada caso tivera entrada no Rexistro Municipal.

ARTIGO 14º.- SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA SOLICITUDE.

1º.- Se os servizos municipais detectaran omisións, deficiencias ou imprecisións na solicitude ou na documentación presentada, xa no momento da súa presentación xa posteriormente, se requirirá ao solicitante para que no el prazo de dez días complete, subsane ou aclare aquelas, con indicación de que se así non o fixera se lle terá por desistido da súa petición, con arranxo ao previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

2º.-O cómputo do prazo máximo para dictar resolución suspenderase polo requirimento para a subsanación de deficiencias polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario.

3º.-Se o requirimento non se leva a cabo de forma completa ou se efectúa de maneira insuficiente poderase realizar un segundo requirimento sobre as deficiencias non corrixidas cuxa non subsanación adecuada no prazo de novo concedido provocará a declaración de desistimento del peticionario sen que haxa lugar a máis requirimentos.

ARTIGO 15º.- MODIFICACIÓNS DO ACTO PARA O QUE SE SOLICITA LICENZA.

Se antes de que se concedera a licenza se pretenderan modificacións no proxecto técnico ou documentación presentada e estas modificacións alterasen determinacións da actuación pretendida que afectasen ao aproveitamento urbanístico, altura, ocupación en planta, forma e posición do edificio na parcela, estrutura, número de vivendas, usos, accesibilidade, habitabilidade ou afección ao entorno, o interesado deberá, previo desistiminto da licenza solicitada, solicitar unha nova licenza que se tramitará con arranxo á normativa vixente na data da nova solicitude.

ARTIGO 16º.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

1º.- As actuacións que se pretendan realizar en terreos, construcións ou instalacións que precisen, ademais da licenza municipal, de autorizacións ou informes sectoriais de outras entidades ou administracións públicas conforme á normativa sectorial de aplicación, necesitarán da súa previa aportación para a concesión, se procede, da correspondente licenza urbanística.

2º.- No caso de que non se presente a preceptiva autorización o informe sectorial o procedemento de tramitación da solicitude de licenza municipal quedará en suspenso polo tempo que medie entre a notificación do seu requirimento e a súa efectiva presentación.

Este prazo de suspensión non poderá exceder en todo caso de tres meses. Transcorrido o mesmo sen que aportaran as autorizacións ou informes sectoriais pertinentes acordarase, previa a súa advertencia, o arquivo das actuacións e se declarará a caducidade do procedemento.

3º.- A mesma suspensión do procedemento producirase cando sexa este Concello o que ante unha solicitude de licenza urbanística deba solicitar autorizacións ou informes sectoriais a outras Administracións Públicas dacordo coa lexislación sectorial de aplicación e por o tempo que medie entre a petición e a recepción da autorización ou informe.

ARTIGO 17º.- INFORMES.

Á vista da documentación presentada e de conformidade coa normativa urbanística de aplicación, os servizos municipais emitirán informe técnico sobre o uso e a obra proxectada e posteriormente o preceptivo informe xurídico con proposta de resolución.

ARTIGO 18º.- CESIÓN DE TERREOS.

1º.- Antes de emitirse proposta de resolución favorable para a concesión de licenza de calquera tipo de obra ou de actividade nos solos urbanos consolidados que non teñan a condición de solar nin regularizadas as vías públicas o propietario deberá ceder gratuitamente ao Concello de Fisterra os terreos destinados a vías fóra das alineacións establecidas no planeamento, previa segregación dos mesmos se fora necesario. Esta mesma obrigación deberá de cumprirse antes da presentación dunha comunicación previa urbanística ou de actividade, se se dan os mesmos elementos de feito.

2º.- Igualmente esta obriga do propietario terá lugar nos solos de núcleo rural cando se pretendera construír unha nova edificación ou substituír a existente.

3º.- Esta cesión, unha vez aceptada polo Concello de Fisterra, formalizarase en escritura pública que será presentada nas dependencias municipais con constancia da inscrición no Rexistro da Propiedade.

ARTIGO 19º.- RESOLUCIÓN.

1º.- Completo o expediente e formulada proposta de resolución esta elevarase ao órgano competente para a resolución que porá fin ao procedemento.

A resolución poderá adoptar unha das seguintes formas: concesión pura e simple da licenza, concesión da licenza condicionada ao cumprimento de determinados requisitos ou denegación da licenza.

Toda resolución que denegue licenza deberá ser debidamente motivada con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

2º.- As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses contado dende a presentación da solicitude coa documentación completa no Rexistro do Concello, a excepción das peticións de licenza para división de terreos que non sexan parcelacións urbanísticas, para a primeira ocupación de edificios e para acorta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva ás que se refiren os apartados g), h) e k) do artigo 9 desta Ordenanza, que se resolverán no prazo dun mes contado desde o mesmo momento, sempre que non se establezan outros prazos por disposición legal.

3º.- Transcorridos os prazos sinalados no apartado anterior para resolver as solicitudes de licenza, coas suspensións legalmente procedentes, sen que se adopte resolución municipal expresa operará o réxime do silencio administrativo na forma legalmente establecida.

En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo positivo licenzas en contra da normativa ou do planeamento urbanístico.

ARTIGO 20º.- LICENZAS CONDICIONADAS A COMPLETAR A URBANIZACIÓN.

1º.-As licenzas de edificación da nova planta ou de ampliación ou reforma de edificios existentes que se soliciten para terreos urbanos consolidados que aínda non tiveran a condición de solar ou que sendo de núcleo rural precisen de obras de acometida ás redes de servicios existentes ou de urbanización se outorgarán cando se asegure a execución simultánea da urbanización e da edificación.

2º.- Con carácter previo ao outorgamento da licenza deberá constituirse unha garantía por importe do 100% do coste das obras de urbanización pendentes e/ou do coste previsible de reposición das existentes que puidesen resultar afectadas con motivo da obra que se determinarán no propio proxecto técnico da edificación ou en un anexo ao mesmo.

Esta garantía desenvolverase no mesmo acto de outorgamento da licenza de primeira ocupación cuxa concesión quedará supeditada a que se executaran total e satisfactoriamente as obrigas garantizadas.

No caso de obras para as que non é necesaria a licenza de primeira ocupación, a garantía devolverase tras a comunicación por parte do interesado da terminación das obras con presentación de certificado final de obra de técnico competente sempre que se cumpriran total e satisfactoriamente as obrigas garantizadas.

ARTIGO 21º.- EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS LICENZAS.

1º.- As licenzas urbanísticas extinguírasen polos seguintes motivos:

- a) Por caducidade.
- b) Por renuncia do titular comunicada por escrito ao Concello e declarada por este.
- c) Por resolución xudicial ou administrativa a través dos procedementos de revisión de oficio regulados na lexislación administrativa que anule as mesmas.

2º.- As licenzas urbanísticas outorgaranse con suxeción a un prazo determinado de caducidade tanto para o inicio como para a finalización das obras, así como para a interrupción das mesmas.

O prazo máximo para o inicio das obras é de seis meses e para o seu remate é de dous anos, contados a partir da data da notificación da resolución de concesión da licenza, non podendo interromperse as obras por un tempo superior a seis meses.

3º.- Os referidos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre que sexa formulada antes da conclusión dos mesmos y siempre que la licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

En cualquiera caso, a prórroga concederáse por un prazo non superior ao inicialmente acordado.

4º.- Unha vez transcorridos e incumpridos cualquiera dos prazos mencionados anteriormente declararase a caducidade da licenza polo órgano competente para conceder a mesma, previa audiencia ao interesado.

5º.- A declaración de caducidade extinguirá a licenza non poidéndose iniciar nin proseguir as obras salvo para traballos de seguridade e mantemento dos que se dará conta ao Concello para o seu control.

Declarada a caducidade da licenza poderásolicitarase pola persoa interesada unha nova licenza que se tramitará de conformidade coa normativa urbanística vixente na data da nova solicitude.

SECCIÓN 3ª: EXECUCIÓN DAS OBRAS.

ARTIGO 22º.- COMUNICACIÓN DA EMPRESA CONSTRUTORA.

Antes do comezo das obras, o titular da licenza comunicará ao Concello o nome e domicilio social da empresa construtora das mesmas. Se cambiase a empresa encargada da realización das obras o titular da licenza igualmente deberá comunicar tal circunstancia á Administración municipal.

ARTIGO 23º.- SINALIZACIÓN DE ALINEACIÓNS E RASANTES.

1º.- No caso de obras de edificación de nova construción, de ampliación de edificios existentes que alteren a ocupación en planta, de muros de contención e de instalacións de casas prefabricadas e instalacións similares ás que se refiére o artigo 9 desta Ordenanza será condición indispensable para o comezo das obras que unha vez concedida a pertinente licenza se proceda á sinalización de alineacións e rasantes previa solicitude polo interesado.

2º.- A solicitude de alineacións e rasantes irá acompañada dun plano por triplicado da situación dos terreos a escala 1:500 con todos os seus datos acotados e os do entorno máis próximo.

3º.- As alineacións e rasantes ás que se deberá de axustar a construción, ampliación ou instalación serán sinaladas na acta de replanteo.

No acto de sinalización de alineacións e rasantes, que se efectuará no día e hora sinalado polos servizos técnicos municipais da **Área de Urbanismo**, concurrirán un técnico municipal, o titular da licenza de obra e o técnico director da mesma.

Estes mesmos suscribirán a continuación o acta de replanteo por triplicado, así como o plano acotado a escala 1:500 que será xuntado á mesma.

ARTIGO 24º.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA E CARTEL INDICADOR.

1º.- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e de copia autorizada da acta de replanteo para aquelas obras en que se necesite, de conformidade co apartado 1º do artigo 23 desta Ordenanza.

2º.- Ademais do indicado no apartado anterior, nas obras de edificación de nova construción e nas intervencións en edificios existentes que requiran de licenza municipal será tamén requisito indispensable a colocación a pé de obra dun cartel indicador que sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm. de ancho por 80 cm. de alto e co contido que se indica no esquema seguinte:

- **Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA:**
- **FECHA EXPEDICIÓN DA LICENZA:**
- **ORDENANZA DE APLICACIÓN:**
- **PROMOTOR:**
- **CONSTRUTOR:**
- **DIRECTOR DE OBRA:**
- **DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL:**
- **NÚMERO PLANTAS AUTORIZADAS:**
- **USOS:**
- **PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN:**

3º.- O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo en branco e o texto negro perfectamente visible.

ARTIGO 25º.- MODIFICACIÓNS DAS OBRAS AMPARADAS NA LICENZA.

1º.- Se durante a execución das obras se previran ou producisen variacións que alteraran o proxecto técnico ou a documentación sobre os que se baseou a licenza outorgada nalgún dos parámetros relacionados no artigo 15 desta Ordenanza, o titular estará obrigado a solicitar unha nova licenza que ampare as mesmas.

2º.- As modificacións de detalle que durante a execución das obras non alteren os parámetros urbanísticos da licenza outorgada relacionados artigo 15 desta Ordenanza, deberán documentarse cunha memoria e, no seu caso, planos que se aportarán xunto á solicitude da licenza de primeira ocupación, se esta fora necesaria, ou directamente unha vez concluídas as obras e nos que quedarán perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións de detalle introducidas,

SECCIÓN 4ª: REMATE DAS OBRAS.

ARTIGO 26º.- OBRIGAS DO TITULAR DA LICENZA AO CONCLUIR AS OBRAS.

1º.- Dentro dos dez días seguintes á conclusión dunha obra o titular da licenza deberá:

- Retirar os materiais sobrantes e os andamios, cercas e barreiras.
- Construír ou repoñer o piso definitivo das aceras.
- Repoñer ou reparar o pavimento da calzada ou praza, arbolado ou zona verde, condusiones ou redes de servizo e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectados polas obras de construción, e non estiveran xa repostos ou reparados.
- Subsidiariamente destas obrigas responderá o propietario do solo no que se executase a obra se non coincide co el titular da licenza.

2º.- Nos casos de obras de edificación de nova construción sometidas a licenza e nos casos de intervencións de carácter total ou parcial en edificios existentes sometidos igualmente a licenza o titular da mesma deberá solicitar a preceptiva licenza de primeira ocupación unha vez concluídas as obras.

ARTIGO 27º.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1º.- A licenza de primeira ocupación esixirase para a utilización dos edificios aos que se refire o apartado 2º do artigo 26 desta Ordenanza.

2º.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto comprobar que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza de obras outorgada así como as condicións que se puideran impoñer na mesma e que, no seu caso, o promotor cumpríu o compromiso de realizar simultaneamente e con arreglo ao proxecto de urbanización ou proxecto técnico a urbanización esixida.

3º.- O titular da licenza de obras solicitará a licenza de primeira ocupación acompañando a súa solicitude o certificado final da obra e, no seu caso, da urbanización expedido por técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e que se axustan á licenza outorgada ou, no seu caso, ao proxecto de urbanización.

Igualmente acompañarase a dita solicitude xustificante de ter solicitado o alta no Catastro.

4º.- Comprobada a documentación aportada, polos servizos técnicos municipais se procederá a inspeccionar as obras de edificación e, no seu caso, de urbanización executadas.

En ningún caso poderase conceder licenza de primeira ocupación a edificación algunha se a obra urbanizadora esixida non está debidamente concluída e por elo apta para a súa recepción.

A concesión da licenza de primeira ocupación implicará a previa ou simultánea recepción da obra urbanizadora que no seu caso se tivera que executar.

5º.- Se se comproba que as obras de edificación ou urbanización non se atopan completamente finalizadas ou non se cumpriron as obrigas de reposición relacionadas no el artigo 26-1 desta Ordenanza suspenderase o procedemento e se requerirá a execución das obras necesarias para a correcta finalización das mesmas.

6º.- A terminación das obras sen axustarse aos termos da licenza concedida ou, no seu caso, do proxecto de urbanización aprobado dará lugar á denegación da licenza de primeira ocupación e a incoación do pertinente procedemento para a reposición da legalidade infrinxida, sen perxuízo da incoación do procedemento sancionador correspondente.

7º.- Para a conexión dos servizos de abastecemento de auga, saneamento, electricidade, gas, telefonía ou outro servizo propio de edificacións será necesaria a concesión da licenza de primeira ocupación. En base a elo, as empresas ou entidades suministradoras de tales servizos esixirán a licenza de primeira ocupación para a contratación dos memos.

O Concello de Fisterra, previa a audiencia ao interesado, poderá ordenar o corte do suministro contratado sen a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

CAPÍTULO II.- COMUNICACIÓNSPREVIAS URBANÍSTICAS.

SECCIÓN 1ª: ACTOS SUXEITOS E RÉXIME XURÍDICO.

ARTIGO 28º.- ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓNSPREVIAS URBANÍSTICAS.

1º.- Están suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa todos os actos de ocupación, construción, edificación e de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza, e polo tanto non relacionados no artigo 9 da presente Ordenanza, ademais, e en todo caso, dos que así se establezan nas leis.

2º.- Tamén se someten ao réxime de comunicación previa os cambios de titularidade de calquiera acto do uso do solo ou subsolo xa estea autorizado por licenza urbanística ou por comunicación previa, debendo de comunicalo por escrito ao Concello quoen vaia exercer a nova titularidade.

ARTIGO 29º.- EFECTOS DA PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA.

1º.- A presentación dunha comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos do uso do solo e do subsolo que se comunican unha vez que pase o prazo de quince días hábiles contado a partir da data da súa entrada,

con toda a documentación completa, no Rexistro Municipal, sen perxuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello de Fisterra.

2º.- Dentro do prazo dos quince días hábiles sinalado no apartado anterior do Concello de Fisterra poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a subsanación das deficiencias que presente a mesma, en cuxo caso quedará sen efecto dito prazo para o inicio das obras que se reiniciará unha vez presentada a documentación requirida ou con as deficiencias subsanadas.

3º.- A presentación dunha comunicación previa non surtirá efectos nos seguintes casos:

a) Cando a comunicación previa se presente sen os documentos que a van acompañar ou sen a cesión do solo á que se refire o apartado 1º do artigo 18 da presente Ordenanza.

b) Cando o acto pretendido que se comunica ao Concello está suxeito a licenza municipal.

c) Cando para a execución das obras foran preceptivos informes ou autorizacións previas de outros organismos públicos que non se adxuntan no momento de presentar a comunicación.

d) Cando a actuación pretendida sea contraria á normativa de aplicación.

4º.-A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe á comunicación previa comportará, logo da audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e a imposibilidade de iniciar ou de continuar co exercicio do dereito a executar as obras dende o momento no que se coñeza, sen perxuízo das responsabilidades administrativas, penais ou civís que tiveran lugar.

ARTIGO 30º.- RESPONSABILIDADES.

1º.- Os técnicos asinantes da documentación técnica que se acompaña a unha comunicación previa son responsables da súa calidade e dos seus axustes ás normas que lle sexan aplicables en cada caso.

2º.- Os técnicos asinantes de certificacións ou declaracións que se acompañan a unha comunicación previa serán responsables da exactitude e da veracidade do seu contido.

3º.- O titular dos dereitos derivados dunha comunicación previa está obrigado a executar as obras nas condicións contidas na documentación presentada.

ARTIGO 31º.- ALCANCE DO CONTROL INICIAL DA COMUNICACIÓN PREVIA.

1º.- No prazo dos quince días hábiles seguintes ao da presentación dunha comunicación previa urbanística, a actuación municipal circunscribírase estrictamente á comprobación da integridade formal e da suficiencia legal da documentación presentada para poder declarar a mesma completa a efectos de poder iniciar as obras comunicadas, pero non implicará análise sobre o seu contido nin comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa e o planeamento urbanístico que serán realizados posteriormente, sen perxuízo de que se poidan realizar igualmente en dito prazo.

2º.- En ningún caso a intervención municipal sobre a comunicación previa controlará os aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, as condicións de montaxe das instalacións ou a calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, do promotor ou da empresa construtora ou instaladora.

SECCIÓN 2ª: PROCEDIMENTO DE COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS.

ARTIGO 32º.- REGULACIÓN DO PROCEDEMENTO.

Os actos de control e intervención da Administración municipal nos supostos previstos no artigo 28 da presente Ordenanza axustarase ao seguinte procedemento:

a) A comunicación previa deberá efectuarse nos modelos oficiais que se publican na sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas ao efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado.

A estas solicitudes acompañarase a documentación que corresponda en cada caso e que se relaciona igualmente na sede electrónica municipal.

b) A comunicación previa formularase á instancia de calquera persoa interesada en iniciar unha obra ou a través de representante autorizado, e poderá presentarse en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38-4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, telemáticamente a través da sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas ao efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado. Se a presentación da solicitude e o resto da documentación se efectúa en soporte papel o proxecto técnico que se aporte, se é que este fose necesario, terase que presentar tamén e en todo caso nun soporte dixital formato PDF. Se o proxecto foi visado electrónicamente por un colexio profesional que permita o acceso a súa plataforma, será suficiente coa presentación do código do proxecto e a autorización do cidadán para o acceso dende o Concello.

c) A presentación do impreso normalizado acompañado de todos os documentos esixidos no Rexistro Municipal de Fisterra, determinará a iniciación do procedemento, rexíndose a mesma, así como a ordenación, instrución e remate deste polas disposicións do Título VI de la Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou norma que a substitúa.

d) O promotor dos actos do uso do solo e do subsolo deberá comunicar ao Concello de Fisterra a intención de levalos a cabo cunha antelación mínima de quince días hábiles ao remate da data na que eos pretenda levar a cabo ou comenzo a súa execución.

ARTIGO 33º.- TRAMITACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA.

Presentada a comunicación previa, a súa tramitación axustarase as seguintes regras:

1. Cando a actuación comunicada posúa toda a documentación esixida, a comunicación previa producirá plenos efectos xurídicos, polo que, unha vez pasado o prazo de quince días hábiles sinalado no apartado 1º do artigo 29 desta Ordenanza, será título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen perxuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección.

Neste caso unirase á comunicación previa dilixencia da Dependencia administrativa instrutora pola que se declarará completa a documentación presentada, o que permitirá que os técnicos municipais comprobén o seu contido e o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación e poidan cursar visita de inspección á obra para comprobar se se axusta á documentación presentada e á normativa aplicable.

2. Cando a comunicación presentada e/ou a documentación que con ela se acompaña sexa insuficiente ou incorrecta, dentro do prazo dos quince días seguintes a súa presentación, requirirase á persoa interesada para que se absteña de iniciar a súa actuación concedéndoselle un prazo de dez días para subsanar as deficiencias detectadas, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistido da súa comunicación aquivándose o expediente sen máis trámite con arreglo ao previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común, e sen perxuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade e sancionador.

Neste caso o prazo de quince días para o inicio da obra quedará sen efecto debendo reiniciarse como sinala o artigo 29-2 desta Ordenanza.

3. pasado o prazo de quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa sen que se requira ao interesado a corrección de posibles deficiencias que puideran existir, se poderán iniciar as obras comunicadas, sen que a inactividade da Administración implique enmenda dos defectos ou irregularidades que presente o contido da comunicación ou da documentación que se lle adxunta nin os que poida presentar a obra ou a actuación obxecto de comunicación.

4. Se una vez declarada completa a documentación presentada e trasladada aos técnicos municipais para a súa comprobación se detectara que o contido desta non se axusta á normativa de aplicación ou ao planeamento urbanístico en vigor dictarase resolución notificando esta circunstancia ao comunicante e indicando que debe de absterse de iniciar a obra o, no seu caso, que debe de suspender de inmediato a súa execución, incoándose expediente de reposición da legalidade coa audiencia pertinente ao interesado.

ARTIGO 34º.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

As actuacións que se pretendan realizar en terreos, construcións ou instalacións que precisen de autorizacións ou informes sectoriais de outras entidades ou administracións públicas, conforme á normativa sectorial de aplicación, necesitarán da súa aportación coa comunicación previa que se presente.

Nos supostos en que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial a comunicación previa non producirá efecto ningúno poidéndose por elo iniciar a obra pretendida.

ARTIGO 35º.- PRAZOS PARA EXECUTAR AS OBRAS.

1.- As obras que se comunican deberán de iniciarse no prazo máximo de seis meses contado a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince días sinalado no apartado 1º do artigo 29 da presente Ordenanza e deberán ser finalizadas no prazo máximo dun ano contado a partir da mesma data.

2º.-Os referidos prazos poderán prorrogarse a través dunha nova comunicación na que así se indique sempre que sea formulada antes da conclusión dos mesmos e sempre que as obras sexan conformes coa ordenación urbanística vixente no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

En calquera caso, aprórroga non poderá ser por prazos superiores aos establecidos no apartado anterior para o inicio e finalización das obras.

ARTIGO 36º.- EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS.

1º.- O título habilitante para o exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas se extinguirá polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas urbanísticas.

No caso da colocación de carteis ou cercas publicitarias no título habilitante extinguirase aos dous anos contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince días sinalado no apartado 1º do artigo 29 da presente Ordenanza. Este prazo poderase prorrogar por outro periodo de igual duración logo dunha nova comunicación previa que así o indique que ten que presentarse antes da conclusión daquel, e sempre que a instalación sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

Rematada a vixencia desta instalación o seu promotor deberá desmontar a mesma no prazo máximo dun mes.

2º.- Unha vez pasados e incumpridos calesquera dos prazos mencionados no artigo anterior declararase a caducidade da comunicación previa, previa audiencia ao interesado.

3º.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da comunicación previa, non pudiéndose iniciar nin proseguir as obras salvo para traballos de seguridade mantemento dos que se dará conta ao Concello para o seu control.

Declarada a caducidade da comunicación previa poderá presentarse pola persoa interesada unha nova que se tramitará de conformidade coa normativa e ordenación urbanística vixentes na data da nova presentación.

SECCION 3ª: EXECUCIÓN DAS OBRAS.

ARTIGO 37º.- ALINEACIÓNS DE PECHES.

Se as obras que se comunican se refiren á construción de peches de parcela que lindan con vía pública, antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na **Área de Urbanismo** deste Concello que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

Para tales efectos se levantará un acta de replanteo que se suscribirá por duplicado polo comunicante da obra e un técnico municipal de dita **Área de Urbanismo**.

ARTIGO 38º.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA.

Será requisito indispensable en todas as obras dispor, a pé de obra, de copia autorizada da comunicación previa co selo do Rexistro de Entrada municipal e de copia autorizada do acta de replanteo para as obras ás que se refire o artigo anterior desta Ordenanza.

ARTIGO 39º.- MODIFICACIÓNS NA EXECUCIÓN DAS OBRAS COMUNICADAS.

As características e dimensións das obras que se executen non excederán das comunicadas, considerándose como infracción urbanística calquera extralimitación na que se incurra. Cuando se pretendan realizar modificacións durante a execución da obra deberase de comunicar de novo tal feito ao Concello, cos mesmos requisitos da comunicación inicial.

ARTIGO 40º.- OBRIGAS DO COMUNICANTE DAS OBRAS.

1º.- A comunicación previa de obras non supón autorización para a ocupación da vía pública ou outros espazos públicos con materiais de construción, andamios, maquinaria, grúas ou calquera ferramenta ou instrumento xa que isto deberá ser obxecto da correspondente solicitude de licenza para a súa autorización, se procede.

2º.- Dentro dos cinco días seguintes á conclusión dunha obra o comunicante da mesma deberá:

- Retirar os materiais sobrantes e os andamios, cercas e barreiras.
- Repoñer ou reparar o pavimento das beirarrúas, calzada ou praza, arbolado ou zona verde, conduciones ou redes de servizo e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectados polas obras executadas se non os houbera xa repostos ou reparados.

Subsidiariamente de estas obrigas responderá o propietario do solo no que se executara a obra se non coincide co comunicante da mesma.

TÍTULO III. COMUNICACIÓNS PREVIAS E LICENZAS DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

CAPÍTULO I.-COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADES.

SECCION 1ª: ACTIVIDADES SUXEITAS E RÉXIME XURÍDICO.

ARTIGO 41º.- ACTIVIDADES SUXEITAS Á COMUNICACIÓN PREVIA.

1º.- Estarán sometidas ao procedemento de comunicación previa a instalación, implantación, apertura ao exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial que se leve a cabo no termo municipal de Fisterra a excepción das actividades recreativas e espectáculos públicos aos que se refire o Capítulo II do Título III desta Ordenanza.

2º.- Tamén se someten ao réxime de comunicación previa os cambios de titularidade de calquera actividade ou establecemento xa estea autorizado por licenza ou xa estea sometido ao réxime de comunicación previa, debendo de comunicalo por escrito ao Concello quen vaia exercer a nova titularidade.

ARTIGO 42º.- EFECTOS DA PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA.

1º.-A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe o título habilitante para o inicio da actividade ou apertura do establecemento que se comunica, polo que unha vez rexistrada de entrada neste Concello a comunicación previa con toda a documentación completa, o titular da actividade poderá comezar a exercela, sin prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ao Concello de de Fisterra lle corresponden.

2º.-A presentación dunha comunicación previa non surtirá efectos nos seguintes casos:

- a) Cando a comunicación previa se presente sen os documentos que a van acompañar para cada caso ou sen a cesión do solo á que se refire o apartado 1º do artigo 18 da presente Ordenanza.
- b) Cando a actividade pretendida que se comunica está suxeita a licenza municipal.
- c) Cuando para o inicio da actividade foran preceptivos informes ou autorizacións previos de outros organismos públicos que non se adxuntan no momento de presentar a comunicación.
- d) Cando a actividade pretendida sexa contraria á normativa de aplicación.
- e) Cando a actividad pretendida leve aparellada a necesidade de obra previa e esta non fora comunicada ou carezca de licenza se fora necesaria.

3º.- O incumprimento das condicións da comunicación previa ou dos requisitos sinalados na lexislación de aplicación ou nesta Ordenanza determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade. A resolución que declare estas circunstancias ordenará a inmediata suspensión da actividade exercida e incoará o pertinente expediente para a reposición da legalidade infrinxida.

4º.- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe á comunicación previa comportará, despois da audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e a imposibilidade de exercer o dereito ou a actividade afectada dende o momento en que se coñece, sen perxuízo das responsabilidades administrativas, penais ou civís que tiveran lugar.

ARTIGO 43º.- RESPONSABILIDADES.

1º.- Os técnicos asinantes da documentación técnica ou das certificacións ou declaración que se acompañan a unha comunicación previa de actividade serán responsables co el alcance recollido nos apartados 1º e 2º do artigo 30 da presente Ordenanza.

2º.-O titular dos dereitos derivados dunha comunicación previa está obrigado a exercer a actividade nas condicións contidas na documentación presentada.

SECCIÓN 2ª: PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADE.

ARTIGO 44º.- REGULACIÓN DO PROCEDEMENTO.

Os actos de control e intervención da administración municipal nas actividades suxeitas a comunicación previa axustarase ao seguinte procedemento:

- a) A comunicación previa deberá efectuarse no modelo normalizado que se publica na sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas ao efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado.

b) A estas solicitudes acompañarase a documentación que corresponda en cada caso e que se relaciona igualmente na sede electrónica municipal.

c) A comunicación previa formularase á instancia de calquera persoa interesada en iniciar unha actividade ou a través de representante autorizado, e poderá presentarse en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38-4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou telemáticamente a través da sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas ao efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado.

d) A presentación do impreso normalizado acompañado de todos os documentos esixidos no Rexistro Municipal de Fisterra, determinará a iniciación do procedemento, rexíndose a mesma, así como la ordenación, instrucción e terminación deste polas disposicións do Título VI da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou norma que a substitúa.

ARTIGO 45º.- TRAMITACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.

Unha vez rexistrada de entrada unha comunicación previa de actividade o Concello analizará a mesma e a documentación que con ela se presenta seguíndose as seguintes regras na súa tramitación:

1. Cando a actividade comunicada veña acompañada de toda a documentación esixida para cada caso, a comunicación previa producirá plenos efectos xurídicos dende a data da súa presentación constituíndose noi título habilitante para o inicio da actividade ou apertura do establecemento co alcance previsto no artigo 42-1 desta Ordenanza.

Neste caso se unirase á comunicación previa dilixencia da Dependencia administrativa instrutora pola que se declarará completa a documentación presentada, o que permitirá que os técnicos municipais comprobén o seu contido, o cumprimento na mesma dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación e poidan cursar visita de inspección ao establecemento para comprobar se se axusta á documentación presentada e á normativa aplicable.

2. No caso de que non se presente la documentación esixida, o Concello requirirá ao interesado para que proceda no prazo de 10 días a subsanar as deficiencias detectadas, con indicación de que se así non o fixese teráselle por desistido da súa comunicación, arquivándose o expediente sin más trámite, con arreglo a lo previsto en la legislación reguladora del procedimiento administrativo común, e debiéndose de proceder ao peche da actividade se xa a iniciase.

Igual se actuará se a documentación presentada fora a esixida pero en ela se detectaran imprecisións ou deficiencias de escasa entidade.

3. Se unha vez declarada completa a documentación presentada e trasladada esta aos técnicos municipais para a comprobación do seu contido, se detectara que este non se axusta á normativa de aplicación ou ao planeamento urbanístico en vigor, dictarase resolución notificando esta circunstancia e dispoñendo a suspensión inmediata da actividade e a incoación do expediente de reposición da legalidade coa audiencia pertinente ao interesado.

ARTIGO 46º.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS E DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL.

As actividades que se pretendan levar a cabo que precisen de autorizacións ou informes sectoriales de outras entidades ou Administracións públicas ou de declaración de incidencia ambiental necesitarán da súa aportación coa comunicación previa que se presente.

Nos supostos en que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial ou declaración de incidencia ambiental coa comunicación previa esta non producirá efecto algún non poidéndose por elo iniciar ou exercer a actividade pretendida.

ARTIGO 47º.- SUPOSTOS DE SIMULTANEIDADE DE OBRAS E ACTIVIDADES.

Se para o desenvolvemento dunha actividade sometida á comunicación previa é precisa a realización dunha obra, a documentación que se esixe que se acompañe á comunicación previa de actividade se presentará coa comunicación previa da obra ou coa solicitude de licenza de obra, se esta procedese.

Unha vez concluída a obra presentarase a comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento.

ARTIGO 48º.- PRAZOS PARA O INICIO DA ACTIVIDADE.

1º.- A actividade que se comunica deberá de iniciarse no prazo máximo de seis meses contado a partir do día seguinte ao da presentación no rexistro municipal da comunicación previa con toda a documentación esixida ou da comunicación previa para o inicio da actividade se houberse obras.

2º.-O referido prazo poderá prorrogarse a través dunha nova comunicación na que así se indique sempre que se presente antes da conclusión daquel, que sexa por un prazo non superior ao indicado no apartado anterior e que a actividade sexa conforme coa ordenación urbanística e normativa vixentes no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

ARTIGO 49º.- EXTINCIÓN ECADUCIDADE DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADE.

1º.- O título habilitante parao exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas se extinguirá polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas de actividade.

2º.- O título habilitante que comporta a presentación dunha comunicación previa de actividade con toda a documentación requirida poderá declararse caducado nos seguintes casos:

- a) Cando non se inicie a actividade nos seis meses seguintes á data de rexistro de entrada municipal da comunicación previa debidamente formulada.
- b) Cando non se realice a actividade por un tempo ininterrompido superior a un ano.

3º.- En todo caso a declaración de caducidade dunha comunicación previa realizarase a través da instrución do pertinente expediente con audiencia ao interesado.

4º.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da comunicación previa, non pudiéndose iniciar nin proseguir a actividade ata que se presente unha nova comunicación previa axustada á normativa e á ordenación urbanística en vigor.

ARTIGO 50º.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA ACTIVIDADE.

Será requisito necesario en todos os establecementos ou actividades dispor en lugar visible de copia autorizada da comunicación previa con selo do Rexistro de entrada municipal.

ARTIGO 51º.- MODIFICACIÓNS NA ACTIVIDADE.

Cando se vaia producir calquera modificación nas condicións ou características da actividade ou do establecemento deberase comunicar previamente tal feito ao Concello cos mesmos requisitos que na comunicación inicial.

CAPÍTULO II.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

SECCIÓN 1ª. ACTIVIDADES SUXEITAS E RÉXIME XURÍDICO.

ARTIGO 52º.- ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

Se ben a apertura de establecementos públicos para actividades recreativas ou para espectáculos públicos ou a organización destes últimos están sometidas ao réxime de comunicación previa previsto na Lei e na presente Ordenanza, as seguintes actividades, en atención á concorrencia de razóns de interese xeral, precisarán para o seu exercicio da obtención previa de licenza municipal:

1. A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 personas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.

2. A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas a un establecemento.

3. A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.

4. A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan ademais de neste termo municipal noutro colindante.

5. A celebración de espectáculos e festexos taurinos.

6. A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cando a súa normativa específica esixa a concesión de autorización.

ARTIGO 53º.- FINALIDADE DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE.

1º.- A licenza de actividade ten por finalidade comprobar que as actividades relacionadas no artigo anterior se axustan ao ordenamento urbanístico e que reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade e accesibilidade.

2º.- Non se poderá iniciar actividade algunha sometida ao réxime de licenza sen que previamente se obtivera a mesma.

ARTIGO 54º.- ALCANCE DO CONTROL MUNICIPAL.

A intervención municipal a través da licenza de actividade non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural e condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos e materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa instaladora.

SECCIÓN 2ª: PROCEDIMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE ACTIVIDADE.

ARTIGO 55º.- SOLICITUDE DE LICENZA.

1º.- Con anterioridade á apertura dun establecemento público ao inicio dun espectáculo público ou actividade recreativa relacionados no artigo 52 da presente Ordenanza, quen vaia exercer a súa titularidade ou encargarse da súa organización deberá presentar no Concello unha solicitude de licenza cuxo modelo oficial se publica na sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas ao efecto pola Administración Autónoma ou a Administración Xeral do Estado.

A estas solicitudes acompañaráselle a documentación que corresponda en cada caso e que se relaciona igualmente na la sede electrónica municipal.

2º.- A presentación das solicitudes e documentación requirida deberá efectuarse a través de calquera dos rexistros sinalados no artigo 38-4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, telemáticamente a través da sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas ao efecto pola Administración Autónoma ou a Administración Xeral do Estado.

Se a presentación da solicitude e o resto da documentación se efectúa en soporte papel o proxecto técnico que se aporte, se é que este fora necesario, terase que presentar tamén e en todo caso nun soporte dixital formato PDF. Se o proxecto foi visado electrónicamente por un colexio profesional que permita o acceso a súa plataforma, será suficiente coa presentación do código de proxecto e la autorización do cidadán para o acceso dende o concello.

ARTIGO 56º.- TRAMITACIÓN.

1º.- As solicitudes de licenzas de actividade tramitaranse dacordo coa lexislación reguladora do procedemento administrativo común coas especialidades contidas na lexislación local, na urbanística e na sectorial e coas contidas na presente Ordenanza Municipal.-

2º.- A solicitude de licenzas so comezará a producir efectos dende o momento no que o correspondente escrito coa documentación completa esixida en cada caso tendo entrada no Rexistro Municipal.

ARTIGO 57º.- SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA SOLICITUDE.

Se os servizos municipais detectaran omisións, deficiencias ou imprecisións na solicitude de licenzas ou na documentación con ela presentada estarase ao establecido no artigo 14 da presente Ordenanza.

ARTIGO 58º.- MODIFICACIÓN NA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA LICENZA.

Se antes de que se concedera a licenzas se pretenderan modificacións no proxecto técnico ou documentación presentada e estas modificacións alterasen determinacións da actividade pretendida que afectasen á seguridade, salubridade ou accesibilidade, o interesado deberá, previo desistimento da licenzas solicitada, solicitar unha nova licenzas que se tramitará con arreglo á normativa vixente na data da nova solicitude.

ARTIGO 59º.- AUTORIZACIÓN SECTORIAIS E DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL.

1º.- As actividades que precisen, ademais da licenzas municipal, de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou Administracións Públicas ou de declaración de incidencia ambiental conforme á normativa sectorial de aplicación, necesitarán da súa previa aportación para a concesión, se procede, da correspondente licenzas de actividade.

2º.-No caso de que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial ou declaración de incidencia ambiental estarase ao previsto no apartado 2º do artigo 16 da presente Ordenanza.

ARTIGO 60º.- INFORMES.

Á vista da documentación presentada e de conformidade coa normativa de aplicación, os servizos municipais emitirán informe urbanístico sobre o uso e as obras proxectadas e informe correspondente ás instalacións e sobre o cumprimento da normativa sectorial de aplicación. Concluídas as actuacións emitirase o preceptivo informe xurídico con proposta de resolución.

ARTIGO 61º.- RESOLUCION.

1º.- Completo o expediente e formulada proposta de resolución esta elevarase ao órgano competente para a resolución que poña fin ao procedemento.

A resolución poderá adoptar unha das seguintes formas: concesión pura e simple da licenzas, concesión da licenzas condicionada ao cumprimento de determinados requisitos ou denegación da licenzas.

Toda resolución que denegue licenzas deberá ser debidamente motivada con explícita referencia ás normas ou ás determinacións do planeamento urbanístico que se incumpran.

2º.- A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder de tres meses contados desde a presentación da solicitude coa documentación anexa completa no Rexistro do Concello ata a resolución municipal

Os requirimentos de documentación, subsanación de deficiencias ou imprecisións e de informes ou autorizacións sectoriais suspenderán o prazo establecido para a resolución do solicitado, que volverá computarse tras a súa aportación.

3º.- O transcurso do prazo de tres meses establecido para a concesión da licenza de actividade determinará a súa adquisición por silencio administrativo se consta aportada a documentación completa esixida e a pretensión se axusta á normativa de aplicación ao tempo da solicitude

ARTIGO 62º.- SUPOSTOS DE SIMULTANEIDADE DE OBRAS E ACTIVIDADES.

1º.- Se para o desenvolvemento dunha actividade sometida a licenza é precisa a realización dunha obra igualmente sometida ao réxime de licenza se solicitarán simultaneamente e se concederán nun único acto administrativo, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta da resolución de la solicitude de licenza de actividade terá prioridade sobre a correspondente á licenza urbanística. Se procede denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

2º.- Se a actividade pretendida se atopa sometida ao réxime de licenza e fora precisa para a súa posta en marcha a realización de obras que se atopan sometidas ao réxime de comunicación previa, esta última se presentará simultaneamente coa solicitude da licenza de actividade pero non adquirirá eficacia en tanto non se obteña a preceptiva licenza que habilite a implantación da actividade.

En ningún caso a execución de obras en réxime de comunicación previa vinculadas ao desenvolvemento dunha actividade sen obter licenza para a mesma xerará responsabilidade da administración municipal.

3º.- Unha vez concluídas as obras, xa estean sometidas ao réxime de licenza ou ao de comunicación previa, presentarse no Concello comunicación previa para o inicio da actividade.

ARTIGO 63º.- PRAZOS PARA O INICIO DA ACTIVIDADE E VIXENCIA DAS LICENZAS.

1º.- A actividade á que se lle concede licenza deberá iniciarse no prazo máximo de seis meses contado a partir da data da notificación da resolución de concesión da licenza ou contado a partir da data de presentación no rexistro municipal da comunicación previa para o inicio da actividade se houbera obras.

2º.-As licenzas dos establecementos abertos ao público concédense por tempo indefinido, salvo que unha disposición ou a propia licenza establezan expresamente o contrario, e sen perxuízo dos efectos dos controles e das revisións periódicas a que sexan sometidos tales establecementos.

3º.- As licenzas para a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas terán a mesma vixencia que a dos espectáculos ou actividades autorizados.

ARTIGO 64º.- EXTINCIÓN DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE.

As licenzas de actividade extinguiranse polos seguintes motivos:

- a) Por caducidade.
- b) Por revocación.
- c) Por renuncia do titular comunicada por escrito ao Concello y declarada por este.
- d) Por finalizar o espectáculo público ou a actividade recreativa para os que se concedeu a licenza.

e) Por cumprimento do prazo a que está sometido o espectáculo público ou a actividade recreativa se así se establecera na licenza.

f) Por resolución xudicial ou administrativa a través dos procedementos de revisión de oficio regulados nsla lexislación administrativa.

ARTIGO 65º.- CADUCIDADE E REVOCACIÓN DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE.

1º.- Poderá declararse a caducidade das licenzas de actividade nos seguintes supostos:

a) Cando non se inicie a actividade nos seis meses seguintes contados a partir da data de notificación da licenza ou a partires da data de presentación no Rexistro municipal da comunicación previa para o inicio da actividade se houberse obras.

b) Cando non se realice a actividade por un teempo ininterrompido superior a un ano.

O prazo para o inicio da actividade poderá prorrogarse a través dunha comunicación previa na que así se indique sempre que se presente antes da conclusión daquel, que sexa por un prazo non superior a seis meses e que a actividade sexa conforme coa ordenación urbanística e normativa vixentes no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

2º.- A declaración de caducidade dunha licenza de actividade realizarase a través da instrución do pertinente expediente con audiencia ao interesado.

3º.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza de actividade, non pudiéndose iniciar nin proseguir a actividade ata que se solicite e obteña unha nova licenza axustada á normativa e á ordenación urbanística vixentes.

4º.-As licenzas de actividade poderanse revocar nos seguintes supostos:

a) Por incumprimento das condicións ou requisitos en virtude dos cais foron outorgadas.

b) Por modificarse sustancialmente ou desaparecer as circunstancias que determinaron o seu outorgamento, ou sobrevido a outra novas que no caso de existir comportarían a súa denegación.

c) Por sanción de conformidade co disposto na Lei 9/2013, do emprendemento da competitividade económica de Galicia ou norma que a substitúa.

d) Por falta de adaptacións aos novos requirimentos establecidos polas normas dentro dos prazos previstos con esta finalidade.

5º.- A revocación será declarada despois da tramitación do pertinente expediente con audiencia ao interesado.

6º.- Tanto a declaración de caducidade como a revocación das licenzas de actividade non xerarán dereito a indemnización.

ARTIGO 66º.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA ACTIVIDADE.

Será requisito necesario en todos os establecementos ou lugares nos que se exerza actividade sometida á licenza dispoñer en lugar visible de copia autorizada da licenza de actividade concedida.

ARTIGO 67º.- MODIFICACIÓNS NA ACTIVIDADE.

Calquera modificación nas condicións ou características da actividade ou do establecemento sometido á licenza municipal requirirá da previa solicitude e obtención da licenza para elo.

TÍTULO IV. CONTROL POSTERIOR SOBRE OBRAS E ACTIVIDADES.

ARTIGO 68º.- OBXECTO.

1º.- A Administración municipal está obrigada a exercer de forma permanente e continuada as funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección sobre as obras e actividades que se realicen no termo municipal, xa estas suxeitas ao réxime de comunicación previa xa o estean ao réxime de licenza, para verificar la efectiva adecuación das mesmas á normativa que lle resulte de aplicación, sen perxuízo dos procedementos de reposición da legalidade e sancionador que, no seu caso, poidan iniciarse.

2º.- O personal municipal adscrito ás funcións de control, inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade e gozará do estatuto regulado na lexislación urbanística.

3º.- A Administración municipal poderá en calquera momento, de oficio, a petición razoada doutras Administracións ou por denuncia, efectuar visitas de control e inspección das obras, establecementos e actividades reguladas nesta Ordenanza dende que se presenten as comunicacións previas ou se outorguen as pertinentes licenzas.

ARTIGO 69º.- PROCEDIMENTO DE CONTROL E INSPECCIÓN.

1º.- Nas comunicacións previas de obras ou de actividades, a actuación de control iniciárase coa comprobación do contido da documentación aportada.

2º.- Ao marxe do control documental indicado no apartado anterior, a Administración municipal procederá, a través dos funcionarios habilitados ao efecto, á inspección das obras, establecementos e actividades suxeitos á presente Ordenanza ao obxecto de verificar a súa adecuación ás comunicacións previas presentadas e/ou ás licenzas outorgadas e á normativa que lles sexa de aplicación, levantando acta de comprobación.

3º.- A acta de comprobación é aquel documento que se expide coa fin de recoller o resultado das actuacións de inspección e de verificación do cumprimento dos requisitos esixidos e se expedirá por duplicado sendo asinadas polo personal inspector e, no seu caso, pola persoa ante a que se expida á que se lle entregará un exemplar da mesma. Cando esta persoa se negase a suscribirla farase constar esta circunstancia.

4º.- As actas de comprobación ostentan o carácter de documento público, gozan de presunción de veracidade e constitúen proba dos feitos reflexados nelas, sen perxuízo das probas que en defensa dos seus dereitos poidan presentar as personas interesadas.

5º.- Se levantado acta de comprobación se detectara que a obra o actividade estase a exercer pi executouse sen axustarse ás determinacións sinaladas na licenza ou na comunicación previa, emitírase informe con proposta de resolución dispoñendo a suspensión inmediata de ditos actos, se estes se estiveran executando, e a incoación do expediente de reposición da legalidade, sen perxuízo do sancionador.

6º.- Non obstante ao establecido no apartado anterior se a acta de comprobación é dunha actividade con comunicación previa presentada ou con licenza de actividade outorgada e en ela se reflexaran incumprimentos das determinacións da documentación técnica comunicada ou á que se lle concedeu licenza que son correxibles sen requirir elaboración dunha nova documentación técnica, emitírase informe con proposta da resolución concedendo un prazo de 15 días para a corrección das deficiencias detectadas.

Pasado o prazo sen que se corrixa tales deficiencias e así faga constar nunha nova acta de comprobación adoptaranse as medidas previstas no apartado anterior deste artigo.

7º.- O feito de que se levante acta de comprobación non obsta para que o Concello, no exercicio das facultades de control e inspección que ten atribuídas, realice con posterioridade as visitas de comprobación que estime oportunas.

ARTIGO 70º.- CONTIDO DA ACTA DE COMPROBACIÓN.

Toda acta de comprobación terá o seguinte contido mínimo:

a) Identificación da obra e/ou do establecemento e actividade.

- b) Identificación da persona promotora da obra ou da actividade e, no seu caso, da persoa con quen se entenden as actuacións e o carácter co que intervén, xa sexa construtor, propietario, arrendatario ou técnico.
- c) Funcionario que realiza a actuación de control e data de realización.
- d) Descrición das actuacións practicadas.
- e) Cumprimento ou descrición do incumprimento/os da documentación técnica presentada coa comunicación previa ou á que se lle concedeu a licenza e das determinacións ou condicións esixidas, no seu caso, na licenza ou nas autorizacións ou informes sectoriais, se houbera.
- f) Descrición das modificacións que, no seu caso, se observen nas obras, instalacións, establecementos e actividades respecto da documentación técnica presentada coa comunicación previa ou na la que se baseou a licenza outorgada.
- g) Incidencias producidas durante a actuación de control.

ARTIGO 71º.- ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN Á INSTANCIA DE PARTE.

1º.- Sen perxuízo das facultades de control que ten encomendadas o Concello, os interesados poden solicitar a este a realización dunha inspección do establecemento ou actividade para a comprobación da adecuación á normativa que lle sexa de aplicación e á comunicación previa presentada ou licenza de actividade outorgada.

2º.- Presentada a solicitude prevista no el párrafo anterior, no prazo máximo de dous meses dende a mesma, o Concello remitirá a quen o solicitase copia da acta de comprobación. Se na mesma se detectasen incumprimentos ou deficiencias estarase ao previsto nos apartados 5º e 6º do artigo 69 da presente Ordenanza.

TÍTULO V. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE E RÉXIME SANCIONADOR.

ARTIGO 72º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Ás obras e actividades sometidas tanto ao réxime de comunicación previa como ao de licenza aplicaráselle as medidas de reposición da legalidade e o réxime sancionador previstos na lexislación urbanística, na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia ou **nas Ordenanzas Municipais que poideran ter sido aprobadas.-**

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- MODELOS NORMALIZADOS.

Na sede electrónica municipal ou páxina web, publícaráanse os correspondentes modelos normalizados tanto de licenzas como de comunicacións previas e tanto urbanísticas como de actividade.

Estes modelos non tienen carácter regulamentario polo que o seu contido poderá ser ampliado, reducido ou modificado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.-NORMAS DEROGADAS.

Cando na presente Ordenanza se realicen alusións a normas específicas, entenderase extensiva a referencia ás normas que por promulgación posterior substitúan ás mencionadas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

Os promotores de obras e actividades que iniciasen procedimentos para a execución do exercicio das mesmas con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lles resultase de aplicación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA.

Quedan derogadas todas e cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao que se establece nesta Ordenanza salvo aquelas que son de aplicación específica.-

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, a cal será realizada unha vez rematado o prazo previsto nos artigos 65-2 e 70-2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

2) Expoñer ó público o expediente por espazo de Trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial e no caso de non presentarse reclamacións contra a mesma o acordo entenderáse definitivamente aprobado.-

3º.- Mocións de grupos políticos.-

A) MOCION QUE PRESENTA O GRUPO BNG PARA QUE O PLENARIO DO CONCELLO DE FISTERRA ACORDE SOLICITAR A BAIXA COMO SOCIO DA ASOCIACION NERIA

(Rexistro de Entrada 2063 de data 30/06/2016)

Dada conta do seu contido:

“A Asociación Neria é unha entidade de carácter privado á que hai que recoñecer que por un tempo mantivo unha función recoñecida e valiosa na representación dos intereses de promoción e desenvolvemento turístico da Costa da Morte. Dita asociación inclúe e/ou incluíu (Mazaricos cursou baixa fai uns meses) coma membros da organización a totalidade das administracións locais da Costa da Morte, que no seu momento delegáronlle boa parte da representación dos intereses turísticos locais.

Na actualidade é coñecida a dificultade na que está envolta e percibíndose xa como un ente que persiste a duras penas pero que se resiste a desaparecer, nunha situación de quebra económica e técnica e imposibilitada para cubrir cos obxectivos orixinarios polos que constituíu e traballou durante anos. Hoxe desprovista dos recursos económicos necesarios para ser viable, precariedade no cadro de persoal, falta de credibilidade como un referente no seu eido, e da notoria perda de confianza na súa capacidade por parte dos seus socios integrantes, subsiste cunha mínima actividade coa que se trata de manter a xestión das cesións de monumentos cos que aínda conta.

Con tódolas dificultades polas que atravesara foise producindo a descapitalización, desmantelando técnico, e orixinando que o seu principal cometido, a xestión de determinados elementos patrimoniais (museos comarcais, oficinas de información turística, dependencia de faros, etc) entrara nunha situación de empeoramento e xeneralizada desatención, incluso levando a pechar varios destes recintos por períodos prolongados.

Dende o BNG entendemos que nestas condicións resulta aconsellable reverter as cesións destas instalacións para poñelas de inmediato a un nivel de funcionamento coa calidade que se merecen, e que NERIA asuma que xa non é o seu momento.

No caso do Concello de Fisterra esta situación afecta a dous elementos patrimoniais estratéxicos para a promoción e imaxe turística e cultural, pero tamén económica, do municipio. Trátase do Museo de Pesca do Castelo de San Carlos e parte do edificio do Faro de Fisterra destinado á atención de turistas e salas expositivas. Son lugares de capital importancia para os intereses de Fisterra. Porén existe un descontento xeneralizado, á vista de todos, da precariedade coa que se veñen xestionando ultimamente.

No caso do Museo da Pesca Neria optou recentemente polo seu peche sen ofrecer ningunha outra posibilidade. As reaccións dos departamentos de Cultura e de Turismo do propio Concello, da Confraría de Pescadores como propietarios do mesmo, acompañadas posteriormente polo clamor de indignación de veciños e veciñas e xente do mundo da cultura, forzou á entidade a reconsiderar o peche e optar por mantelo aberto, pero en condicións totalmente insuficientes mediante unha atención ao público por medio dun voluntario sen poder garantir nada máis. Tanto o edificio, como a colección presente nel, precisa de mantemento e coidados e os seus visitantes dunha axeitada atención explicativa dado o seu valor, polo que as condicións ofrecidas dende Neria resultaban claramente inaceptables.

No caso das instalacións do Faro de Fisterra tamén vén arrastrando graves problemas de xestión, no que o peche da instalación cara o público é recorrente por períodos prolongados, e no que por varias veces o propio

Concello xunto coa Deputación teñen tentado corrixir a mala imaxe e xestión feita das instalacións sen ter chegado a unha solución. O Faro non pode estar pechado durante a maior parte do ano, e tampouco pode descoidarse a súa imaxe que se ten vulgarizado, incluso dentro do edificio coa instalación de máquinas expendedoras de souvenirs, cartelería e reparto de publicidade caótica, materiais turísticos desactualizados, problemas de mantemento e conservación das instalacións, baixa dinamización das posibilidades e oferta das salas do Faro, etc.

Para o Concello de Fisterra resulta unha responsabilidade enorme velar pola protección e bo funcionamento do Faro, un dos lugares máis visitados de Galiza, e do seu xenuino Museo de Pesca que é todo un referente da nosa idiosincrasia, e isto significa que debemos poñer o máximo empeño en garantir e aproveitar tódalas súas posibilidades coa esixencia de ofrecelo coa maior calidade que sexa posible. Está claro que hoxe isto a entidade Neria xa non o pode garantir e dubidamos, dada a súa maltreita situación, que no futuro poida conseguilo.

Dado o que representan para todos os veciños e veciñas de Fisterra estes dous importantes lugares, un patrimonio fisterrán incuestionable, consideramos que debe ser o propio Concello o que asuma a responsabilidade da súa xestión pública.

Polo que dende o BNG de Fisterra entendemos que dende o Concello non podemos pararnos e agardar as solucións que non chegan, e tampouco ten sentido continuar como socios dentro dunha entidade privada que xa non proporciona vantaxes para poñer en valor o noso patrimonio e intereses turísticos, e que a vista das súas dificultades non está claro o seu futuro inmediato, cando ademais supón detraer das arcas municipais uns recursos (a modo de cotas) que poden ser destinadas directamente polo Concello en accións de promoción e divulgación turística de Fisterra.

En virtude desta exposición de motivos propoñemos ao PLENO DE FISTERRA que adoite o seguinte ACORDO:

- 1) Solicitar a baixa do Concello de Fisterra como socio integrante da Asociación Neria, dada a súa manifesta dificultade para manter os seus obxectivos orixinais de defensa, promoción, divulgación e dinamización dos intereses turísticos e patrimoniais presentes en Fisterra.
- 2) Comunicarlle a dita asociación este Acordo e que de inmediato se efectúe o expediente e actos administrativos necesarios para facer efectiva canto antes a desvinculación do Concello en dita entidade.
- 3) Iniciar as accións necesarias para que o Concello de Fisterra se poña á fronte da dinamización e promoción das instalacións e actividades que a organización Neria conta en Fisterra.

INTERVENCIONS

Alcalde

Nos como grupo político pensamos que non é o momento de tratar esta moción toda vez que a Asociación Neria comunicou aos Alcaldes ter una reunión a finais do verán para tratar o asunto de que vai pasar con Neria.-

Existe ademais un informe da Diputación Provincial onde se nos di a situación económica de Neria e a Débeda existente, poderá polo tanto tocar ao Concello de Fisterra na medida que poida resultar.-

Calquera que sexa o remate de Neria é mellor velo desde dentro e non desde fora; en todo caso considero que deberíamos mellor esperar ata final de ano.-

Por todo elo solicito ao grupo BNG que deixe esta Moción sobre a mesa para saber antes se existe ou non esa viabilidade en Neria e de todas as formas defender os intereses de Fisterra desde o seu interior e non desde fora.-

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Dicir que seguiremos coa proposta da Moción, porque imos ter que afeitougar igual coa débeda que existe; inda que non sala adiante na súa votación plenaria.-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega

Quisera falar sobre este tema como Concelleiro neste grupo da Corporación sempre en defensa dos intereses de Fisterra; comparto ao 100% a postura do Alcalde de que éste non é o momento para tratala salvo que esta Moción non sexa dos intereses de Fisterra e se por oportunismo ou por criterios políticos.-

Dicir que o Concello de Fisterra non terá que asumir ningunha débeda xa que á Asociación Neria débenselle moitos cartos.-

Neria ten mais patrimonio do que debe.

Non comparto as afirmacións formuladas, sobre que se non se sae de Neria non se poden utilizar os inmobles para destinar a Turismo. -

Seguidamente o Pleno da Corporación por Dous votos a favor dos concelleiros do grupo BNG, Seis en contra (4 PSdG-PSOE, 1 Convergencia Galega e 1 Partido Popular - Sr. Traba Fernández - e Tres abstencións dos Concelleiros restantes do grupo popular, acorda rechazala na súa totalidade.-

Sendo as 21:55 horas ausentase do Salón de Sesiões e por razóns de traballo a Concelleira do grupo popular Sra Rocio Marcote.

B) PROPOSTA DE ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO LOCAL SOBRE A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA E CONDENA DA DICTADURA FRANQUISTA.

(Rexistro de Entrada 2448 de data 1/08/2016)

Dada conta do seu contido:

“1. O Pasado 18 de xullo cumpríronse 80 anos do golpe de Estado militar contra o réxime democrático vixente no Estado Español. Un levantamento militar que en Galiza foi orixe dunha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período da ditadura franquista.

A represión foi especialmente violenta nos anos da guerra e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado de cabelo, inxesta de aceite de ricino. Unha represión que se exerceu con caracteres especialmente violentos e machistas no caso das mulleres.

Nos anos da guerra e ao longo de toda a ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, expolio de bens, persecución ideolóxica, acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prólonganse no tempo máis alá dese 1975.

2. O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e rehabilitación das persoas persiguídas polo fascismo, son dereitos humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e as súas familias.

Malia ter transcorridos máis de 40 anos do final da Ditadura e da restauración do réxime democrático o Estado español carece dunha auténtica política pública da memoria que permita o coñecemento da verdade histórica, a reparación e rehabilitación das vítimas, o exercicio da xustiza e a superación da fenda e das feridas físicas e morais causadas polo levantamento militar e a Ditadura. Así aparece recollido no informe do relator na ONU para os dereitos humanos, Ablo de Greiff, que pon de manifesto as eivas, carencias e obrigas do estado español en relación con esta materia.

3. As institucións públicas deber ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo deste terrible período histórico.

O 80 aniversario do inicio da represión constitúe unha boa oportunidade para expresar o compromiso cos valores democráticos e a condena da Ditadura franquista. No caso dos Concellos, existe ademais unha obriga ética e política clara a este respecto porque, por unha parte dirixentes políticos destas institucións persoal ao servizo foron obxecto de represión e persecución en forma de asasinato, cárcere depuración e outras múltiples formas de violencia. E, por outra, as institucións locais foron parte do aparato administrativo e político que impuxo a ditadura, o terror e a toda a súa parafernalia simbólica en Galiza.

ACORDO

1. O Concello de Fisterra expresa a súa condeza do golpe de Estado militar de 1936 e da Ditadura franquista.

2. O Concello de Fisterra promoverá ao longo de 2016 o desenvolvemento dun programa de actividades, en colaboración con entidades de memoria e concellos arredor da memoria histórica, a represión e a resistencia contra o fascismo.

3. O Concello de Fisterra organizará unha homenaxe pública aos cargos políticos e aos traballadores e traballadoras da institución que foron vítimas das represión franquista.

4. O Concello de Fisterra acorda a eliminación, supresión ou anulación dos acordos, distincións e símbolos que reflicten a adhesión e colaboración da institución coa Ditadura.

INTERVENCIONS

Alcalde

Dicir que eu estaba presente cando na Diputación Provincial de A Coruña se acordou por unanimidade este mesmo asunto.-

É unha efeméride reclamada a desta Memoria Histórica; digo mais que o día do acto recordouse aos políticos de A Coruña que foron asesinados durante o réximen franquista. -

Fisoxe mención tamén o Alcalde de Fisterra que o mataron durante ese rexime e para min isto é un atentado contra todo un pobo e una ofrenda hacia os veciños; porque se esa e a verdadeira razón para que te maten, calquer acto de repulsa é benvido.-

A Memoria Historica vale para que no futuro se recordé algo que non se debe repetir nunca, imos polo tanto apoiar a Moción presentada. -

Sr. Traba Fernández do grupo PP

Dicir que sempre e importante recuperar a Memoria Histórica, de todas formas xa foi condenada no ano 2013; aclarar que o **Alcalde Fernández** non foi asesinado por ser Alcalde toda vez que cando se produxo, xa tiña deixado o cargo.-

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Está claro que apoiamos a Moción porque no seu momento non se levou a cabo ningún tipo de actos e polo tanto é necesario recordar con istos, a todos aqueles que sufriron a persecución franquista.-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega

Estou dacordo coa Moción, pero a veces nestes casos debe levarnos a facer unha reflexión :

- Homenexemos aos políticos por este motivo e en realidade houbo tamén moita xente que o sufriu nas suas propias carnes.-
 - O Comparto contigo Xan Carlos, pero creo que este tipo de cuestións hai que facelas non só por teu avó senon tamén por outros, porque senon parece que o facemos por revanchismo.-
 - Recordar a Memoria Histórica é necesario facelo para que non volvan a ocorrer estes feitos.-
 - Por entendemento e perdón, pero sen revanchismos dou meu apoio a Moción con estas matizacións na súa Exposición de Motivos.-
- Seguidamente o **Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobala en todo o seu contido.-**

4º.- Proposta de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable á Xunta de Galicia ano 2017.-

Á vista do contido do oficio número 6669 / RX 889017 de data 20 de Xuño de 2016 procedente da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes acorda:

- 1) Formular proposta á citada Consellería, para que se sinalen como festa de carácter retribuído e non recuperable no Termo Municipal para o vindeiro ano 2017 os dous días seguintes:

Luns de Pascua
8 de setembro

2) Remitir certificación deste acordo á citada Consellería dentro do prazo sinalado.-

5º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-

Dáse conta a Corporación das seguintes:

Altas, baixas e cambios de domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.-

Aprobación plano de vacacións a nome de Jacobo Carlos Mariño Campos período 13 ó 30 de Xuño e 1 ó 19 de Setembro de 2016.-

Aprobación expediente procedemento sancionador infraccións de tráfico polo importe de 400,00 e.-

Suspensión de Obras a nome de Basilio Canosa Fernández obras de construción de galpón sen preceptiva licenza municipal.-

Contratación personal subvencionado Consellería de Emprego período 10 de Xuño de 2016 ó 9 de Xaneiro de 2017.-

Contratación eventual en favor de Violeta Traba Castreje por substitución baixa traballadora Axuda de Domicilio dende día 8 de xuño de 2016 ata alta.-

Aprobación Bases contratación Rexime Laboral eventual obras e Servizos nun total de Doce, subvencionado pola Diputación provincial.-

Nomeamento de María Rodríguez Fernández como Técnica en Turismo con cargo Subvención Axencia de Turismo período 15 de xuño ó 15 de setembro de 2016.-

Nomeamento de Iria García Sar como Técnica en Turismo con cargo Subvención Axencia de Turismo período 15 de xuño ó 15 de setembro de 2016.-

Aprobación Plan de Vacacións a nome de María Jose Traba Traba período 1 ó 12 de agosto e 1 ó 9 de Setembro de 2016.-

Aprobación Plan de Vacacións a nome de Carmen Fábregas Lorenzo, período 1 ó 15 de xullo e 1 ó 16 de Agosto de 2016.-

Cancelación Garantía Definitiva polo importe de 1.803,50 € imposta para responder obra "Renovación instalacións de iluminación exterior existente". -

Suspensión de obras a nome de María Canosa Fernández pola restauración de peche por carecer de licenza municipal.-

Aprobación plan de vacacións a nome de Amable Canosa Martínez período 18 de Xullo ó 18 de Agosto de 2016.-

Concesión permiso a Manuel Lagoa López por falecemento de familiar días 13 a 17 de Xuño de 2016

Aprobación Plan de vacacións a nome de Noelia Castreje Canosa período 4 ó 29 de Xullo de 2016.-

Contratación con carácter eventual por substitución da traballadora Sandra Sixto Canosa en favor de María Santamaría Rodríguez período comprendido entre o día 17 ó 27 de Xuño de 2016 como Auxiliar de Axuda no Fogar.-

Aprobación prórroga de contratos eventuais a nome das traballadoras Dolores Martínez Pérez, Lourdes Domínguez Lago e Sandra María Sixto Canosa período 1 de Xullo ó 31 de Decembro de 2016.-

Solicitud de Subvención Instituto Enerxético de Galicia por importe de 18.268,15 € Obras previstas Memoria Técnica Proxecto " ILE 2016 " equivalente ao 75% do total que ascende a 24.357,54 €.-

Concesión de permiso por hospitalización parente primer grado a nome de Pilar Garcia trillo días 15 e 16 de xuño de 2016.-

Adxudicación de Obra en favor de Gonzalo Liñeiro Martínez por Contrato menor para “Reparación de Pavimentos de madeira e Acondicionamento Edificio “ O Refuxio “ polo importe de 3.471,78 €).-

Autorización mediante en favor de Carolina Cajide Barbeito para levar a cabo Servizos de Arquitectura en substitución da titular do contrato Sabina Beatriz Lucas Quintans durante a vixencia do contrato.-

Contratación eventual por substitución traballadora Lourdes Domínguez Lago en baixa por enfermidade en favor de María Dolores Otero Baldomar desde o día 18 de Xuño ata a Alta.-

Aprobación Lista Provisional e definitiva co nomeamento de Comisión de selección Persoal Campaña Limpeza de Praias, probas 28 de Xuño de 2016 ás 12 e 13 horas por quendas.—

Autorización de festas en favor de Juan Bautista Louzán Lago en honor de San Xoán os días 23 a 25 de Xuño de 2016 na localidade de Sardiñeiro de Abaixo.-

Autorización de Churrascadas a nome de Vanesa Canosa Buiturón, Manuel Domínguez Domínguez, Juan José Lago Estévez e Sofía Vázquez García días 23 e 24 de Xuño de 2016.-

Participación concesión axudas para estratexias de sustentabilidade ambiental solicitando un importe de 4.500,00 € sobre un presuposto total de 6.428,57 € a Xunta de Galicia.-

Aprobación Plan de Vacacións a nome de Montserrat Outes Velay periodo 30 de Xuño de 2016 e 1 ó 12 de agosto e 23 ó 30 de Decembro de 2016, Teresa Dourado Martínez periodo 13 ó 31 de Agosto de 2016, Osvaldo Santos Lobelos días 15 ó 29 de Xullo de 2016, Lourdes Dominguez Lado, 1 ó 14 de Xullo e 7 ó 15 de Setembro de 2016.—

Prórroga do contrato formalizado a nome de Pilar Formoso Martínez periodo comprendido entre o día 1 ó 31 de Decembro de 2016.-

Adxudicación prestación servizos de desbroze montes en favor de Agro Forestal Callas S.L.U. polo importe de Sete mil cincocentos euros (7.500,00 €).-

Contratación eventual como Socorristas subvencionados pola Xunta a nome de Francisco Lijó Insua, George M. Alvez Alvez Cuello e Nerea Paz Sar periodo 1 de Xullo ó 30 de Agosto de 2016.-

Contratación eventual de Violeta Traba Castreje en substitución de María Lourdes Domínguez Lago periodo 1 ó 14 de Xuño de 2016.-

Aprobación expediente procedementos sancionadores de tráfico polo impor total de 5.800,00 €.-

Aprobación plan de vacacións a nome de Pilar García Trillo periodo 1 ó 16 de Agosto e 1 ó 16 de Setembro de 2016.-

Contratación eventual a favor de personal de limpeza de Praias periodo 1 de Xullo ó 30 de Setembro de 2016.-

Contratación eventual periodo 7 de Xullo ó 30 de Setembro de 2016 en favor de Juan Francisco Martínez Canosa.-

Cancelación garantía definitiva a nome de Construcciones Hnos Meijide S.L. polo importe de 3.352,48 € Obra Corredor Costeiro Fisterra Son: Fachada Porto de Fisterra Fase Castelo de San Carlos. -

Inclusión de animal potencialmente perigoso a nome de Manuel Mendoza Soto, baixo a denominación “Kilombo “Raza Rotwiler “.-

Aprobación Plan de vacacións a nome de Miguel Angel Oliveira Traba periodo 16 de Agosto ó 9 de Setembro de 2016, Nélica Cambeiro Otero periodo 30 de Agosto a 29 de Setembro de 2016, Begoña Valdomar Insua, periodo 1 ó 15 de Agosto de 2016, Teresa Dourado Martínez, periodo 1 e 2 de Setembro de 2016, Juan Carlos Lagoa López, periodo 1 de agosto a 5 de Setembro de 2016, Alicia López Gil, periodo 26 de Xullo ó 17 de Agosto de 2016, Carmen Maria Ballón Estévez, periodo 1 ó 19 de Agosto de 2016 e Jose Manuel Marcote Senlle, periodo 28 de Xullo ó 31 de Agosto de 2016.—

Contratación eventual en favor de Violeta Canosa Castreje en substitución de Dolores Martínez Perez días 15 ó 31 de Xullo de 2016.-

Aprobación de procedementos sancionadores de tráfico polo importes de 2.720,00 € e 160,00 €.-

Aceptación Subvención en especie dun Vehiculo Todo Terreo PICKUP (Equipamento de Emerxencias) pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.-

Contratación eventual en favor de María Santamaría Rodríguez en substitución de María Arenas Rivera López durante o período 19 ó 22 de Xullo de 2016.-

Concesión de Permiso en favor de María Arenas Rivera López por hospitalización de familiar en primeiro grado días 19 a 21 de Xullo de 2016.-

Aprobación lista definitiva convocatoria Catro peóns subvencionados pola Diputación provincial con sinalamento da Comisión de Selección e probas día 21 de Xullo de 2016 ás 10 horas .-

Aprobación lista definitiva convocatoria Dous Oficiais 2ª subvencionados pola Diputación provincial con sinalamento da Comisión de Selección e probas día 21 de Xullo de 2016 ás 11 horas.-

Aprobación de procedementos sancionadores de tráfico polo importes de 280,00 € e 440,00 €.-

Permiso por asuntos particulares a favor de Amanda Estévez Fernández día 27 de Xullo de 2016 e denegación de 26 e 28 de Xullo por necesidades do servizo de Axuda no Fogar.-

Contratación eventual laboral en favor de Pedro Santiago Díaz Domínguez e Héctor Lires Lema dentro do Programa Diputación como Oficiais segunda.-

Contratación eventual laboral en favor de , Ramon A. Domínguez Vázquez, Javier Domínguez Areas, Clara María Amado Sánchez e Ramón Liñeiro Santamaría dentro do Programa Diputación coa categoría de Peóns.-

Aprobación Plan de Vacacións a nome de Juan Carlos Carril Pérez período 16 ó 17 de Agosto de 2016.-

Autorización Festas do Longueirón en favor de Alvaro Rivera durante os días 6 e 7 de Agosto de 2016.-
Contratación eventual en favor de María Santamaría Rodríguez en substitución de Amanda Estévez Fernández durante período 1 ó 8 de Agosto de 2016.-

Suspensión de actividade a nome de Rosa María Traba Martínez en relación co establecemento público nunha edificación a destinar a Pensión por estar baixo expediente da Axencia de Legalidade Urbanística.-

Aprobación de Plan de Vacacións a nome de Rosa María Insua Trillo, período 12 ó 16 de Setembro de 2016, Manuel Olveira López, período 26 ó 30 de Setembro de 2016, Lorena Martínez L. Kalbitzki, período 12 ó 15 de Setembro de 2016 e Sara Traba Martínez, período 12 ó 16 de Setembro de 2016.-

O Pleno dáse por enterado

6º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

- O prego de mantemento eléctrico, está sendo cumprido pola empresa adxudicataria? Digo isto porque o Campo estivo sen alumeadado público as noites do 15 e 16 de Xullo en pleno fin de semana de verán.
- Quen debe repoñer os materiais averiados?

Alcalde

O material debe poñelo o Concello.- Fíxose un primeiro pedido para as reparacións máis urxentes, pero neste non podían reparala nese mesmo día.-

- Segundo se aprobou no Pleno do 1 de Xullo de 2016 o licitador e adxudicatario do Semáforo tiña que aboar 99.970,20 € . Fíxo efectivo esta cantidade no momento da sinatura do contrato?

Alcalde

Abonou o 50% toda vez que só o Anexo O Refuxio estaba habilitado para o seu funcionamento “; o resto do 50% efectuaráse polo adxudicatario no momento en que o Concello proceda ao acondicionamento do edificio “O Semáforo que actualmente encóntrase en malas condicións para que o concesionario poida prestar o servizo; facelo doutro

modo sería encontrarnos cun enriquecemento inxusto por parte da Administración e polo tanto incumpríriase una obriga implícita para co servizo concesionado .-

Ditas obras están pendentes do Informe de Patrimonio así como unhas escaleiras que son necesarias ter en conta coa finalidade de axustar a entrada as normas de accesibilidade que ata agora non se viñan cumprindo.-

¿Que volveu a ocorrer coas estimacións nos recibos de auga?

Alcalde

As estimacións reduxéronse bastante e se está tratando o tema dado que non é fácil, o consumo é baixo e a empresa de Augas de Corcubión esta a facer un gran traballo.-

¿Que fan as bandeiras da fachada da Casa do Concello a media asta?

Alcalde

Foi polos atentados producidos, a verdade é que nos olvidamos de baixalas, subiránse de inmediato.-

O Convenio coa Confradía de Pescadores ¿en que consiste? ¿Hai partida orzamentaria?

Trátase dunha cesión gratuita efectuada ao Concello pola Confradía de Pescadores formalizada en documento notarial ante o Notario de Corcubión por un período de cinco anos para levar a cabo a xestión do Museo de Pesca por razóns de turismo no Municipio e que actualmente estaba sen funcionar .-

O Executado no refuxio do Semáforo e o seu entorno axustase o poposto nas plicas presentadas polo adxudicatario.-

Alcalde

De principio si.-

Que se subvencionan nas Festas?

Alcalde

Menos as Orquestas, calquera outra actividade que redunde en beneficio das mesmas é dicir, Bandas de Música tradicionais, foguetes, actividades para nenos e maiores, xogos infantís etc.-

Recurriuse o deslinde formulado pola Demarcación de Costas en Galicia?

Alcalde

- Recurrimos a zona próxima á Cruz de Baixar por entender que tal e como esta formulado por Costas non é aceptable.-

- Recurrimos tamén a Ribeira do Mar coa finalidade de pasala para o Borde, como consecuencia de elo a Servidume de protección deixaría viable e libre a praza do Concello así como os recheos efectuados no ano 2013 por Portos de Galicia, ou sexa cambiar o deslinde no recheo de debaixo do Concello.-

Non temos porque perder a zona de Sardiñeiro e os propietarios xa foron notificados tendo un prazo de quince días para reclamar a partir do seu recibo.-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega

A 1:00 da madrugada as farolas do Porto de Fisterra non alumeaban ¿Que pasaba?

Interven o Sr. Sar Oliveira manifestando que Alumeado é competencia de Portos de Galicia, púxose no seu coñecemento e nos dixeron que as ían a arranxar.-

Rogo que se traballe para poder solucionar o problema da limpeza nas aldeas.-

¿Que pasa e cando se pretende facer o pintado da estrada da Anchoa que foi arranxada pola Xunta?

Alcalde

Segundo nos informaron é una cuestión técnica dado que para facerse o pintado, teñen que pasar tres semanas desde que se rematen as obras.-

Se é competencia do Concello que se proceda a limpeza das cunetas da estrada de acceso ao Faro de Fisterra.-

Alcalde

É de competencia da Autoridade Portuaria pero o noso tractor xa foi dúas veces.-

Rogo que se ilumine a zona dos Chiringuitos da explanada do Faro Fisterra porque as 0:00 horas da noite había moitos visitantes.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente** remata a sesión, ás 22: 40 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.